

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO CEMITERIO MUNICIPAL



Artigo 1º.- Fundamento e

natureza.

No

uso das facultades que conceden os artigos 133.2 e 142 da Constitución e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co que dispoñen os arts.15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a " Taxa do Cemiterio Municipal", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó que prevé no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito

Impoñible

Constitúe o feito impoñible da Taxa a prestación de servicios do Cemiterio Municipal, tales como: asignación de espacio para enterramentos; permisos de construción de panteóns ou sepulturas; ocupación dos mesmos; redución ou incineración; movemento de lápidas; colocación de lápidas, enreixado e adornos; conservación dos espacios destinados ó descanso dos defuntos, e calesquera outros que, de conformidade co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria mortuoria, sexan precedentes ou se autoricen a instancia departe.

Artigo 3º.-

Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes, os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización que se concedeu.

Artigo 4º.-

Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral

Tributaria.

Artigo 5º.- Exencións

subjectivas.

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

- a) Os enterramentos dos asilados procedentes da beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa costeada pola familia dos falecidos.
- b) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.
- c) As inhumacións que ordene a autoridade xudicial e que se efectúen na fosa común.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguintes tarifa:

CONCEPTOS		
1º. -	Permiso de construción, reforma, rehabilitación ou adecentamento de mausoleos, panteóns e sepulturas	2% do orzamento
2º. -	Transmisión da propiedade	
	A) Transmisión	16.635 ptas.
	B) Transmisión entre parentes 1º grao	5.545 ptas.
	C) Transmisión entre parentes outro grao	11.090 ptas.
3º. -	Inhumacións	5.545 ptas.
4º. -	Exhumacións	
	A) Exhumacións para traslado a outro cemiterio	11.090 ptas.
	B) Exhumación e inhumación no mesmo cemiterio	16.635 ptas.

Artigo 7º.- Obriga do pagamento.

A obriga do pagamento da taxa que regula esta ordenanza nace cando se incide a prestación dos servizos suxeitos a graváame, entendéndose, a estes efectos, que dita iniciación se produza coa solicitude de aqueles.

Artigo

8º.- Declaración, liquidación e ingreso

1.- Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate. A solicitude de permiso para construción de mausoleos e panteóns acompañarásese do correspondente proxecto e memoria, autorizados polo facultativo competente.

2.- Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma, que será notificada, unha vez que foi prestado dito servizo, para o seu ingreso directo nas arcas municipais e na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarásese ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION

DERRADEIRA

O texto da presente ordenanza fiscal substitúe e derroga ó da anterior que aprobou o Pleno en sesión de data 25.11.1999 e entrará en vigor e será de aplicación ó día seguintes da súa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

O alcalde, O secretario,

DILIXENCIA:

Para facer constar que o texto da presente Ordenanza publicóuse

íntegramente no B.O.P. núm. 55 con data do 8 de marzo do
2000.

O secretario,